

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha, das que a segunda, a terceira e a cuarta teñen posibilidade de elección entre apartados. En todas as preguntas a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como a súa presentación, terá unha valoración de **0,5 puntos**.

TEXTO

O Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade (ONTSI) lanzou un novo informe (...) onde debullla o **reto** social dun problema que vai a máis e que require acción directa dende a nenez e a mocidade: as agresións *online*. En *Violencia dixital de xénero: unha realidade invisíbel* analízase esta problemática que afecta ás **mulleres**. (...) O informe indica que o 57% das vítimas de **acoso** en internet desenvolve fobia ao medio.

A investigación lembra que as mulleres sofren no plano dixital continuas agresións e delitos contra a súa honra e intimidade, moitas veces por parte de atacantes anónimos, “o que dificulta a súa solución”. (...)

Amais, un 15,2% experimentou acoso reiterado por parte da mesma persoa, e delas, unha de cada catro tivo que soportar comentarios ou propostas desapropiadas en internet. “A incidencia é maior canto máis **novas** son, pero hai casos de todas as idades”, sinalase no informe, onde tamén se pon o foco na vulnerabilidade das profesionais que teñen exposición en redes sociais e internet. (...)

O estudo tamén aborda as consecuencias psicolóxicas da violencia dixital de xénero. Unha enquisa de Amnistía Internacional destaca que o 54% das mulleres que sofre acoso nas redes ten ataques de pánico, ansiedade ou tensión; o 57% xera apreensión polas canles *online* e un 41% sente ameazada a súa seguridade física. Noutro estudo da ONG Plan Internacional con **nenas** e mozas recollíase que a un 24% afectoulle á súa autoestima, o 19% comezou a ter problemas coas súas amizades e a súa familia e o 18% tívoo no seu colexio ou instituto.

Código Cero, nº 225, abril-maio de 2022

PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (2+0,5=2,5 puntos).

Lea atentamente o texto anterior e responda estes dous apartados:

1.1. Realice un resumo do texto destacando nel as ideas principais. Evite parafrasear o texto, exprésese coas súas palabras. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1 punto)**.

1.2. Indique e explique se o texto anterior é descritivo, narrativo ou expositivo-argumentativo. Xustifique a súa resposta con, como mínimo, tres exemplos tirados do texto. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1 punto)**

PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. (2+0,5=2,5 puntos).

Responda dous destes catro apartados:

2.1. Indique se a vogal tónica das seguintes palabras, destacadas en letra grosa no texto, é unha vogal media semiaberta ou semipechada: *reto*, *mulleres*, *acoso*, *novas*, *nenas*. **(1 punto)**.

2.2. Sinala a que categoría gramatical pertencen as seguintes palabras que aparecen subliñadas no texto: *debullla*, *amais*, *catro*, *pero*, *física*. Engada un segundo exemplo de cada tipo extraído tamén do texto. **(1 punto)**.

2.3. Indique a función sintáctica que desempeñan na súa cláusula ou oración estas cinco unidades do texto: *un novo informe*; *ás mulleres*; *no plano dixital*; *unha de cada catro*; *maior canto máis novas son*. **(1 punto)**.

2.4. Clasifique as seguintes palabras do texto en simples, derivadas, compostas ou parasintéticas e xustifique a súa resposta: *problema*, *mocidade*, *fobia*, *atacantes*, *autoestima*. Escriba un sinónimo e un antónimo de cada unha delas. **(1 punto)**.

PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (2+0,5=2,5 puntos).

Responda un destes dous apartados:

3.1. A partir do texto que figura na cabeceira da páxina, que contén diversos exemplos de terminoloxía médica, redacte un texto de opinión centrado na importancia dos sociolectos ou variedades sociais nas linguas, en xeral, e no galego, en particular. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

3.2. Este texto pertence á novela *Avelaíñas eléctricas* (2022) de Sica Romero. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscripción mediante, como mínimo, catro exemplos tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega. Extensión aproximada: 120 palabras. **(2 puntos)**.

Papá Mighel mola muitísimo. Cando teu pai morriu, viviches cos avós ata os quince, e aínda que daquela andaban tristes, lembrabas os momentos con vivesa e cariño porque sempre che quixeron ben. (...)

De nena, teu avó levábache ó sentro cultural onde el pedía un caraghilllo e a ti deixábache pedir un aquarius e dábache os seus asucarillos en que lambías ata que desaparecían... un visio.

Sica Romero, *Avelaiñas eléctricas* (2022)

PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA. (2+0,5=2,5 puntos).

Responda un destes dous apartados:

4.1. Este texto de Álvaro Cunqueiro pertence ao libro *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (1960). Relacione o relato, sucintamente, coa restante obra do autor e co movemento de recuperación da narrativa galega de Posguerra. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, brevemente, a estrutura do relato e a presenza nel de elementos fantásticos. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

O gatipetro

O gatipetro é un gato branco que ten na cachola un corno mouro; o gatipetro ven pólas noites ás casas, e párase nas habitacións nas que hai nenos durmindo. Entón o gatipetro ponse a verquer auga pólo seu corniño, i o neno, en sonos, escoitando o pingar da fontaña aquela, soña que mexa, e de verdade mexa na cama.

Pra espantar o gatipetro abonda con botar unhas areas de sal á porta do cuarto i ó pé da fiestra. O gatipetro anda apoiándose, ademais de nas catro patas, na lingua, e probando coísta o sabor do sal, o gatipetro dá a volta e prosegue a súa nouturnia viaxe, deixando ós nenos da casa en paz.

Álvaro Cunqueiro, *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (1960)

4.2. Este poema de Olga Novo pertence ao libro *Nós nus* (1997). Relacione o texto, sucintamente, co conxunto da escrita da autora e coa poesía galega dos anos 90. Indique o tema central do poema xustificándoo a partir de exemplos tirados do texto e analice as principais figuras literarias que nel se empregan. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

Os líquidos íntimos

coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas

algunhas conservan estirados os nomes que gravei a navalladas
tódalas tardes ó volver da escola.

acostumada a tirar por un poema como por un becerro cando se lle ven as patas,
cando xa non se está en idade de medrar
toda maduración require un desgarrar de tendóns
entón é cando corren polo meu peito rabaños de cabras que non se dirixen a ningunha parte

sóbenme ás paredes desde as que te vexo,
arrancan coa lingua o pasto mentres te vas.

o tacto dos teus violíns faime chorar terriblemente.

E case non podo soportar que as túas mans me acariñen
como a la dos xerxeis que me facía a miña mai cando era nena

pero coa miña pel
coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.

Olga Novo, *Nós nus* (1997)